



Excursión con alumnos estradenses. 1936

galicia
o bo camiño

deposición legal: C 667-2019

Antonio Fraguas, un dos grandes intelectuais galegos do século XX, un home que traballou por e para Galicia cunha humildade que emociona: *Non debiera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen o arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela.*



Exposición promovida pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia
Fotografías cedidas pola familia do autor e pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas



Exposición

Letras Galegas 2019

Antonio Fraguas, memoria dun soño

Viaxe a unha
Galicia orgullosa
de si mesma



XUNTA DE GALICIA

Antonio Fraguas Fraguas (Cerdedo-Cotobade, 28 de decembro de 1905 - Santiago de Compostela, 5 de novembro de 1999)



Con compañeiros do Instituto de Pontevedra. 1922



Co seu vello amigo Xaquín Lorenzo, Xocas



Cartel a prol do Estatuto, do deseñador Díaz Baliño. 1936

Letras Galegas 2019

Antonio Fraguas, memoria dun soño

Viaxe a unha
Galicia orgullosa
de si mesma

A mostra 'Antonio Fraguas, memoria dun soño', promovida pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia no marco da programación institucional Letras Galegas 2019, é un percorrido pola vida do autor ao que neste 2019 se lle dedica o 17 de maio, pero tamén proba de que a historia se modela coa ilusión e a vontade das persoas que a transitan.

Se vivir é soñar, o principio do soño de Fraguas comezou un 28 de decembro de 1905 en [Insuela](#), hoxe concello de Cerdedo-Cotobade. Todo semellaba escrito na vida daquel neno de aldea, mais un mestre decidiu que aquel rapaz tiña aptitudes académicas para escribir as páxinas da súa propia vida.

Fraguas chega en 1919 a Pontevedra para cursar o bacharelato e alí, con profesores coma [Castelao](#) ou [Losada Diéguez](#), ten os primeiros contactos co galeguismo. Mais será en Santiago, na etapa de estudante universitario, cando se relacione coa elite da intelectualidade galega que orbitaba arredor do [Seminario de Estudos Galegos](#). Tamén se afilia ás [Irmandades da Fala](#).

Profesor de vocación, o golpe militar de 1936 sorpréndeo impartindo docencia no instituto da Estrada. O seu compromiso co [Partido Galeguista](#) e coa defensa do [Estatuto de Autonomía](#) pasaralle factura. As novas autoridades expúlsano do ensino público, mais el, a pesar dos tempos adversos, non cae no desánimo e decide seguir traballando por Galicia coas ferramentas do posible. Desaparecido o Seminario de Estudos Galegos, nace o [Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos](#) e el estará alí para encargarse da sección de Etnografía e Folclore.

Na longa noite de pedra, Fraguas traballa coa paciencia infinda do canteiro. Investiga e escribe sobre múltiples temáticas relacionadas con [Galicia](#) (historia, antropoloxía, xeografía, arqueoloxía...). Mais alén de ser un dos grandes polígrafos galegos do século XX, Fraguas pasa á historia por ser o gran valedor da

cultura popular, esa que mantivo viva a nosa lingua e que nos singulariza como pobo. Era moi consciente de que ese valiosísimo patrimonio debía ser estudado, difundido e dignificado. E a esa tarefa enciclopédica, case titánica, dedicou toda a súa vida.

En 1978 apróbase a Constitución Española e en 1981 o Estatuto de Autonomía de Galicia. Antonio Fraguas vive de primeira man a chegada do vello soño do autogoberno. E estará en primeira liña para abrir camiños e facilitarlle o paso ás novas institucións.

Coa democracia chegou tamén o recoñecemento ao seu compromiso coa cultura de Galicia: recibiu o [Pedrón de Ouro](#), os [premios Trasalba](#) e [Otero Pedraio](#) ou a [Medalla Castelao](#), entre outras distincións. En 1992 a Xunta de Galicia nomeouno [cronista xeral de Galicia](#).

Antonio Fraguas finou o 5 de novembro de 1999 en Santiago de Compostela e Galicia despediuno como un dos grandes do século XX. No cemiterio de Boisaca xace un home que dedicou toda a vida a construír un país orgulloso das súas propias raíces e que comprobou en carne propia dúas verdades: que o destino non está escrito e que o futuro ten a cor dos soños.

Obra

Antonio Fraguas Fraguas destacou como investigador nos campos da [historia](#), da [etnografía](#) e do [folclore](#), entre outros. O seu traballo está recollido en numerosas publicacións, fundamentalmente como colaboración en revistas ou obras colectivas. En todo caso, tamén publicou un considerable número de monografías, entre as que podemos sinalar, a título de exemplo, as seguintes:

- [Geografía de Galicia](#) (1953)
- [Historia del Colegio de Fonseca](#) (1956)
- [Aportacións ó cancionero de Cotobade](#) (1985)
- [Romarías e santuarios](#) (1988)
- [Do Entroido](#) (1994)
- [A festa popular en Galicia](#) (1995)